| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | PALAS DE REI |
| **Edificio** | Igrexa de San Xusto de Repostería |
| **Dirección** | Lugar de San Xusto, 25. 27205 |
| | 42.845951 -7.907541 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Esta edificación comeza a construirse na segunda metade do século XII (no ano 1170) con posteriores reformas e engadidos ao longo dos séculos seguintes (como a ábsida e a sancristía que son do século XVIII).<br>Realizada en cantaría granítica, posúe planta rectangular dunha soa nave e cuberta a tres augas.<br>Na súa fachada principal podemos ver unha porta de aceso de época románica, de dobre arquivolta con arco de medio punto e columnas acodadas, e capiteis con motivos vexetais.<br>Por riba da porta vemos un tímpano no que aparece gravado unha cruz de oito brazos inscrita nun círculo (posiblemente un Crismón Trinitario).<br>A fachada remata cunha espadana dun so oco, con pináculos de bola e cuz pétrea de remate.<br>Outro elemento de época románica que podemos ver nesta igrexa é a súa colección de canzorros historiados.<br>No interior destaca o arco triunfal, de medio punto en aresta, do século XVIII. |
| **Campás** | 1 campá. |
| **Fotos** | 1 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | MOURE, Xabier / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 25-02-2024 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Única. | TABOADA PORTAS, FIDEL (MONEIXAS) | 1970 | 45 | 53 |

Información completa: Igrexa de San Xusto de Repostería - PALAS DE REI (GALICIA)

PDF (19-05-2026)